



283. Estela bifronte

Intervención arqueolóxica: escavación e control arqueolóxico das obras de consolidación e posta en valor da muralla romana de Lugo entre os cubos LVI e XLII e nos cubos XLV e LIV, ano 1998, baixo a dirección de D. Enrique J. Alcorta Irastorza.

N.º Sección: 1999/08/02

Outros n.ºs: EPI-86

Procedencia: Lugo

Tipo de colección: depósito da Xunta de Galicia

Cultura: romana

Cronoloxía: ss. II-III d. C.

Materia: granito

Técnica: esculpido en baixo relevo

Dimensións: altura 60 cm; anchura 50 cm; grosor 18 cm

Conservación: regular. Restaurada polo taller BIC

Uso/función: funerario/votivo

Descrición: bloque granítico, moi degradado e fracturado, no que polo anverso se representan dous personaxes en posición sedente, dos que se percibe a silueta dos seus torsos e das cabezas, distinguíndose algunhas dobras da toga caendo sobre a túnica, así como unha especie de colares arredor do colo.

Non pode determinarse se se trata dunha parella matrimonial, ou de dúas mulleres emparentadas entre si.

No reverso plásmase unha das escenas dos traballos de Hércules, na que se aprecia un centauro e unha figura estante á dereita.

Bibliografía:

ALCORTA IRASTORZA, E. e RODRIGUEZ COLMENERO, A.:

«De nuevo, la muralla de Lugo cantera de monumentos funerarios», en *Larouco*, n.º 3, 1997, pp. 223-230.

MOCV/EJAI